

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE
ABRIL DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de abril de dous mil dezaseis, reúnenos os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias, que se retirará da sesión no punto 13 da orde do día.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 4
DE ABRIL DE 2016.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 4 de abril de 2016.

PARTE RESOLUTIVA

2. MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016 MEDIANTE A MODIFICACIÓN DAS FINALIDADES ÁS QUE SE DESTINA O FINANCIAMENTO DA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO PARA INVESTIMENTOS.

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase Dna.Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto que o expediente do orzamento xeral para o exercicio 2016, quedou definitivamente aprobado en data 2 de marzo do corrente, entre cuxa documentación anexa se atopa o Anexo de Investimentos, que contempla a concertación dunha operación de endebedamento por importe de 325.772,85 €, para financiar a APORTACIÓN MUNICIPAL AO CONVENIO CONCELLO XUNTA CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA E DEPUTACIÓN PARA O PLAN DE REDUCCION DE VERTIDOS, aplicación orzamentaria 160.62000.

Visto que na actualidade estase a tramitar un Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos para a obra da “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LOXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”, sendo a contía global do coste desta obra de 287.980,00 € e a aportación municipal do 50% que ascende a 143.990,00 €.

Tendo en conta que a aportación a este Convenio non se preveu inicialmente no Plan de Investimentos do Orzamento do exercicio 2016 e a necesidade de acometer esta obra para que a Confederación Hidrográfica Miño Sil autorice a conexión das augas residuais da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos á rede municipal, tal como estaba previsto no proxecto sectorial aprobado, dado que o saneamento do núcleo de Monforte de Lemos presenta problemas que impedían tratar novos vertidos e co fin de dar solución ao saneamento de augas residuais interiores do Porto Seco, que require a execución dun sistema de depuración propio que garanta o servizo de saneamento da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco, facilitando a actividade industrial na mesma.

Previo informe da Interventora municipal,

O Pleno municipal, por dezaseis votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e do PP) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral do exercicio 2016, co detalle que a continuación se reflicte, incluíndo a aportación municipal á obra de “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LOXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”, por importe de 143.990,00 €, financiado co endebedamento previsto, de forma que o resto da operación de endebedamento prevista mantense para a finalidade para a que foi aprobada:

ANEXO DE INVESTIMENTOS 2016

Documento vixente aprobado co expte. Orzamento 2016

APLICACIÓN		CÓDIGO PROXECTO	DENOMINACION PROXECTO	ANOS PREVISTOS		IMPORTE €/ANUALIDADE	FINANCIAMENTO		
				Inicio	Remate		CONCELLO		OUTROS
							FONDOS PROPIOS	OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO	
133	62900	2016-01	INV.REPOSIC MOBIL. E ENSERES (ADQUIS. DE SINÁIS E PILONAS, SEMAFOROS)	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
151	62700	2016-02	APORTACIÓN PLAN ESPECIAL CASCO HISTORICO	2011	2018	13.320,00	13.320,00		
151	62701	2016-03	APORTACION PXOM	2016	2020	15.000,00	15.000,00		
151	62900	2016-04	MOBILIARIO URBANO	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
151	63100	2016-05	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN TERREOS E BENS NATURAIS	2016	2016	4.000,00	4.000,00		
1532	61900	2016-06	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	226.521,48	226.521,48		
1532	64800	2016-07	VEHICULO			5.000,00		5.000,00	
160	62000	2016-08	APORTACIÓN O CONVENIO CONCELLO XUNTA CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA E DEPUTACIÓN PARA O PLAN DE REDUCCION DE VERTIDOS			325.772,85		325.772,85	
161	61900	2016-09	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó	2016	2016	17.666,66	17.666,66		

SECRETARIA

			USO XERAL POS 2016						
161	62700	2016-10	PROXECTO POS 2016	2016	2016	2.500,00	2.500,00		
1621	62900	2016-11	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016	4.000,00	4.000,00		
165	63900	2016-12	OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016	24.600,00	24.600,00		
165	64800	2016-13	VEHICULO	2016	2016	7.500,00		7.500,00	
171	61900	2016-14	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	50.338,18	50.338,18		
171	62300	2016-15	INVERSIÓN NOVA EN MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE	2016	2016	6.000,00	6.000,00		
171	64800	2016-16	VEHICULO	2016	2016	5.000,00		5.000,00	
231	63200	2016-17	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
337	62300	2016-18	INVERSIÓN NOVA EN MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE	2016	2016	20.000,00	20.000,00		
337	62900	2016-19	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016	1.200,00	1.200,00		
337	63200	2016-20	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	2016	2016	1.500,00	1.500,00		
342	61900	2016-21	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	5.000,00	5.000,00		
342	62200	2016-22	INVERSIÓN NUEVA EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
342	62900	2016-23	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016	11.000,00	11.000,00		
4312	62200	2016-24	INVERSIÓN NUEVA EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	3.000,00	3.000,00		
432	62700	2016-25	PROXECTOS COMPLEXOS	2016	2016	12.500,00	12.500,00		
432	64100	2016-26	NOVA APLICACION INFORMATICA	2016	2016	5.500,00	5.500,00		
454	60000	2016-27	INVERSIÓN NUEVA EN TERRENOS	2016	2016	15.000,00	15.000,00		

SECRETARIA

454	61900	2016-28	INVERSIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	30.000,00	30.000,00		
454	61901	2016-29	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS O USO XERAL	2016	2016	60.000,00	60.000,00		
920	62600	2016-30	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	2016	2016	7.000,00	7.000,00		
920	63200	2016-31	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	2016	2016	6.000,00	6.000,00		
920	64100	2016-32	NOVA APLICACION INFORMATICA	2016	2016	10.000,00	10.000,00		
161	72109	2013-20	CONVENIO AQUANORTE -ETAP	2013	2016	13.144,74	13.144,74		
432	78000	2016-34	APORTACION FUNDACIÓN FERROCARRIL	2016	2016	8.000,00	8.000,00		
454	72109	2013-05	ADECUACIÓN MARXE RIO CABE TRANSFERENCIA OBRA	2013	2016	45.570,25	45.570,25		
						1.021.634,16	678.361,31	343.272,85	0,00

Documento modificado que se propón aprobar

ANEXO DE INVERSIÓN 2016

APLICACIÓN		CÓDIGO PROXECTO	DENOMINACION PROXECTO	ANOS PREVISTOS		IMPORTE €/ANUALIDADE	FINANCIAMENTO		
				Inicio	Remate		CONCELLO		OUTROS
							FONDOS PROPIOS	OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO	
133	62900	2016-01	INV.REPOSIC MOBIL. E ENSERES (ADQUIS. DE SINÁIS E PILONAS, SEMAFOROS)	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
151	62700	2016-02	APORTACION PLAN ESPECIAL CASCO HISTORICO	2011	2018	13.320,00	13.320,00		
151	62701	2016-03	APORTACION PXOM	2016	2020	15.000,00	15.000,00		
151	62900	2016-04	MOBILIARIO URBANO	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
151	63100	2016-05	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN TERREOS E BENS NATURAIS	2016	2016	4.000,00	4.000,00		
1532	61900	2016-06	INVERSIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	226.521,48	226.521,48		

SECRETARIA

1532	64800	2016-07	VEHICULO			5.000,00		5.000,00	
		2016-08a	APORTACIÓN O CONVENIO XUNTA CONCELLO CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA E DEPUTACIÓN PARA O PLAN DE REDUCCION DE VERTIDOS						
160	62000					181.782,85		181.782,85	
		2016-08b	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO PARA A OBRA DA "EDAR E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ªFASE) DO PORTO SECO	2016	2016				
160	62000					143.990,00		143.990,00	
		2016-09	INVERSIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL POS 2016	2016	2016		17.666,66		
161	61900					17.666,66			
161	62700	2016-10	PROXECTO POS 2016	2016	2016	2.500,00	2.500,00		
		2016-11	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016		4.000,00		
1621	62900					4.000,00			
		2016-12	OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016		24.600,00		
165	63900					24.600,00			
165	64800	2016-13	VEHICULO	2016	2016	7.500,00		7.500,00	
		2016-14	INVERSIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL.	2016	2016		50.338,18		
171	61900					50.338,18			
		2016-15	INVERSION NOVA EN MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILIDADE	2016	2016		6.000,00		
171	62300					6.000,00			
171	64800	2016-16	VEHICULO	2016	2016	5.000,00		5.000,00	
		2016-17	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016		15.000,00		
231	63200					15.000,00			
		2016-18	INVERSION NOVA EN MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILIDADE	2016	2016		20.000,00		
337	62300					20.000,00			
		2016-19	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016		1.200,00		
337	62900					1.200,00			

SECRETARIA

337	63200	2016-20	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	1.500,00	1.500,00		
342	61900	2016-21	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	5.000,00	5.000,00		
342	62200	2016-22	INVERSIÓN NUEVA EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
342	62900	2016-23	OTRAS INVERSIONES NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS.	2016	2016	11.000,00	11.000,00		
4312	62200	2016-24	INVERSIÓN NUEVA EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	3.000,00	3.000,00		
432	62700	2016-25	PROXECTOS COMPLEXOS	2016	2016	12.500,00	12.500,00		
432	64100	2016-26	NOVA APLICACION INFORMATICA	2016	2016	5.500,00	5.500,00		
454	60000	2016-27	INVERSIÓN NUEVA EN TERRENOS	2016	2016	15.000,00	15.000,00		
454	61900	2016-28	INVERSIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	30.000,00	30.000,00		
454	61901	2016-29	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS Ó USO XERAL	2016	2016	60.000,00	60.000,00		
920	62600	2016-30	EQUIPOS PARA PORCESOS DE INFORMACION	2016	2016	7.000,00	7.000,00		
920	63200	2016-31	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OTRAS CONSTRUCCIONES	2016	2016	6.000,00	6.000,00		
920	64100	2016-32	NOVA APLICACION INFORMATICA	2016	2016	10.000,00	10.000,00		
161	72109	2013-20	CONVENIO AQUANORTE - ETAP	2013	2016	13.144,74	13.144,74		
432	78000	2016-34	APORTACION FUNDACIÓN FERROCARRIL	2016	2016	8.000,00	8.000,00		
454	72109	2013-05	ADECUACIÓN MARXE RIO CABE TRANSFERENCIA OBRA	2013	2016	45.570,25	45.570,25		
						1.021.634,16	678.361,31	343.272,85	0,00

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que quere facer dúas ou tres preguntas antes de manifestar o sentido do voto, en base ao que se

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

propón de pasar case 144.000 euros dunha partida de 325.000 euros ao Convenio co IGVS, deixándoa reducida a 181.000 euros. Hai interese real en solucionar as verteduras? Nunha Xunta de Goberno aparecen 10.000 euros de multa por unha vertedura, cunha repercusión de oitocentos e pico euros a Aqualia de indemnización por danos. Quen pon para as verteduras a diferenza que se produce? Vai comprometer esta modificación a eliminación de residuos?

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que no orzamento había 325.000 euros para o Plan de eliminación de verteduras. Esa cantidade non evita multas da Confederación Hidrográfica por verteduras. Conscientes de que é simplemente unha modificación necesaria para o Porto Seco, na fase das preguntas tamén imos preguntar como queda o Plan de redución de verteduras e como afectará ás sancións por verteduras. A favor desta modificación.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que van votar a favor desta modificación dos investimentos, pola solución que se busca coa Xunta. Espero que sexa unha solución para a empresa que se vai instalar, pero esperamos que sexan moitas máis as empresas que veñan. Lin na prensa que se suspendía o Plan de verteduras, iso preocúpanos. Conte co noso voto a favor, igual que na Comisión Informativa.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o Porto Seco non tiña arranxado o problema do saneamento. Fixemos outro Plan de redución de verteduras, seguindo indicacións da propia Confederación Hidrográfica; a Confederación di que primeiro as obras e despois a conexión. Como isto non era solución, houbo reunións con Xestur, co IGVS e con técnicos, e finalmente Xestur fixo un proxecto que acordamos financiar as dúas partes ao 50%. Ese convenio non estaba previsto no orzamento. Si estaba previsto o Plan de verteduras, que por si só non alcanzaba e precisaba axudas doutras administración. O convenio aprobouse tras algúns borradores, e a Xunta aprobouno o xoves pasado. Se hoxe aprobamos isto, estaremos en condicións de levalo adiante, se a Confederación o autoriza, unha vez subsanado o que nos requiriu. Claro que queremos solucionar os problemas que temos na rede de saneamento. Vontade toda, pero o Concello só non pode afrontalo. Cando a resposta da Confederación, dixemos isto non é o que queremos nós, pero non que suspenderamos ou parecido. As sancións están en suspenso durante o Plan. Os 10.000 euros son dunha multa que vén de 2013 ou así.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que como isto é para unha hipotética empresa no Porto Seco, preocúpanos que se invista moito e que non se concrete a empresa, unha presunta empresa de biomasa. Se así sucedese, esta desviación de crédito estaría ben feita, pero non hai dato en firme para ela. O problema é facer isto deixando de facer o Plan de verteduras. Preocúpanos que non haxa nin Plan de verteduras nin empresa.

Nunha Xunta de Goberno Local requiríuselle documentación á empresa, que non vexo despois presentada. En vista da incerteza, ímonos abster.

De Dña. Julia Rodríguez Barreira, que di que buscan colaborar na implantación de empresas no Porto Seco. A empresa leva presentado avais e proxectos. A nosa disposición para a implantación da empresa e para solucionar o saneamento do Porto Seco.

De Dña. Pilar López Martínez, que di que están a favor, pero sobre a redución de verteduras, quere confiar en que non haxa ningún escrito de que non se siga con ela; tamén está o período de execución, espera unha vontade certa. Tamén pedíramos unha cantidade para o orzamento, e dixo que non, espero que se resolva para evitar sancións. Espero e confío en que veña esa empresa a esta cidade. Que teña facilidades para vir.

Do Sr. Alcalde, que tamén ten esperanza de que se cumpra este compromiso, que é da empresa e da Xunta de Galicia. Tamén é posible outra empresa. Debemos facilitar o necesario, levamos moitos anos sen implantarse empresas. Estou convencido que non estamos tirando os cartos. No expediente retiraron unha solicitude e fixeron outra, e os técnicos municipais requiriron subsanacións para a licenza. No orzamento estaban os 325.000 euros, agora aínda quedarían preto de douscentos. O importante é dar este paso e acometer estas obras.

3. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“En cumprimento do acordo do Pleno municipal do 4 de abril de 2016, en relación coa modificación da Ordenanza Reguladora da Denominación e Rotulación das Vías Públicas, introducindo o criterio de xénero como preferente,

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar o art. 6º da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS, do seguinte modo:

- Redacción actual (BOP nº 143 do 24 de xuño de 2011).

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

- Redacción que se aproba:

“Artigo 6º - RÉXIME DE DENOMINACIÓN DE VÍAS

O nome das Vías do Municipio debe adaptarse ás seguintes normas:

1. Toda vía deste termo municipal será designada por un nome aprobado polo Pleno do Concello ou polo órgano en quen este delegue esa función.
2. O nome non poderá ir en contra da Lei nin dos bos costumes.
3. Con carácter xeral, deberá respectarse a denominación orixinaria, histórica e/ou tradicional da nomenclatura das vías públicas.
4. Procurarase que os nomes das vías deberán ter un carácter homoxéneo, é dicir, as vías dunha mesma zona deberán ter nomes similares.
5. Os nomes poden ser persoais. Así, pódese dedicar o nome dunha rúa a persoas en vida, aínda que se considerará unha excepción á regra xeral, que consiste en dedicar os nomes das rúas a persoas falecidas.
6. Dentro dun Municipio non pode haber dúas vías urbanas co mesmo nome, salvo que se distingan polo tipo de vía.
7. A aplicación de excepción mencionada no apartado anterior, xustificárase exclusivamente por criterios de carácter histórico e/ou tradicional e deberá de evitarse nas futuras denominacións.
8. Non se poderán fraccionar vías que pola súa morfoloxía, deban ser de denominación única. En consecuencia, procurarase que cada vía teña un só nome, podendo xustificarse a asignación de nomes distintos cando:
 - a) Varíe o seu trazado en ángulo recto.
 - b) Estea atravesada por un accidente físico (río, terraplén, etc.).
 - c) Estea cortada por unha rúa máis ancha.
 - d) Estea cortada por unha praza ou rotonda.
 - e) Non presente unha continuidade física e/ou lóxica.
9. **Cando os nomes sexan persoais, procurarase que haxa paridade entre o xénero feminino e masculino. Salvo excepcións debidamente xustificadas que valorará o Pleno, o criterio de xénero como elemento preferente será de orde feminino a masculino.”**

SEGUNDO.- Someter a información pública e a audiencia dos interesados, por prazo de trinta días, o presente acordo, a efecto de presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose en caso de que non se presenten, que queda definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional. Todo isto, segundo o previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

4. ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Visto o CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS,

Tendo en conta a conveniencia de que o Concello se adhira a dito convenio, informando a ese respecto o Técnico de Medio Ambiente o seguinte: “El punto limpio municipal donde se recogen residuos de aparatos eléctricos y electrónicos de origen domestico deberá cumplir con los requisitos sobre las condiciones de recogida, almacenamiento y clasificación establecidas en el Real Decreto 110/2015, del 20 de febrero de residuos de aparatos eléctricos y electrónicos.- El plazo que se marca para adaptarnos a este Decreto es de cinco años.- La adhesión a este convenio beneficia al Concello ya que las obras a llevar a cabo no supone ningún coste a este y se cumplen los plazos.”,

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta -segundo o modelo de documento de adhesión que figura en anexo ao Convenio- o seguinte

ACORDO

Adherirse ao Convenio marco de colaboración asinado o día 30 de marzo de 2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).”

(Non houbo intervencións neste asunto).

5. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN AO RECENTE ACORDO ENTRE A UE E TURQUÍA SOBRE A EXPULSIÓN COLECTIVA DAS PERSOAS REFUXIADAS EN EUROPA (DECLARACIÓN PROVENIENTE DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Facer propia do Concello de Monforte de Lemos a seguinte declaración do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:

“O pasado 7 de marzo de 2016 asinábase en Bruxelas, no marco do cumio entre a Unión Europea e a República de Turquía, un acordo relativo á relocalización, devolución e confinamento, en territorio turco e noutros países non comunitarios, de aproximadamente 160.000 persoas refuxiadas, actualmente en tránsito en países membros da UE por mor dos conflitos armados e das inestables posguerras (Siria, Iraq, Afganistán), así como doutros problemas de pobreza, de disparidade económica e de desenvolvemento. A cambio, a Unión Europea comprometeuse a acelerar os mecanismos de negociación e futura adhesión turca ao organismo comunitario, da exención de visados na Zona Schengen para a cidadanía turca e da concesión de créditos a Turquía, valorados en 3.000 millóns de euros, ampliáveis a outros 3.000 millóns a partir de 2018. A propósito do acordo subscrito, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade emite esta declaración institucional de denuncia á aplicación deste acordo vixente desde o pasado 20 de marzo.

Neste sentido, o Fondo Galego de Cooperación anuncia a súa vontade de adherirse aos 11 puntos emanados do texto emitido o 15 de marzo por parte do Congreso dos Deputados do Estado español, aprobado por absoluto consenso por parte das forzas políticas parlamentarias, no que se expresa o rotundo rexeitamento “á adopción de calquera acordo con Turquía que estableza, expresa ou indirectamente, a posibilidade de proceder a expulsións colectivas a territorio turco ou a calquera Estado non membro da UE”.

Este texto enfatiza a necesidade de que o acordo entre a UE e Turquía “conteña garantías no cumprimento da legalidade internacional e do respecto aos dereitos humanos”, tomando en conta que o mesmo viola sistematicamente tanto a propia

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

normativa comunitaria en materia de asilo e outros dereitos humanos, así como a Convención de Xenebra en materia de refuxiadas/os (1951), non sendo o seu protocolo subscrito por Turquía ata agora. Neste apartado, o goberno turco só reconece como persoas refuxiadas á cidadanía europea, non así á poboación siria ou afgá.

Reiterando o seu compromiso pola defensa e preservación das liberdades e dos dereitos humanos, da solidariedade, de cooperación e do combate dos factores orixinais que inciden nestas crises humanitarias, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade emite, a través desta declaración institucional, a súa posición de rexeitamento a este acordo, reafirmando os postulados de declaracións anteriores (8 de setembro e 16 de novembro de 2015), redactadas a propósito da crise das persoas refuxiadas sirias e africanas e dos atentados terroristas de París, ampliable agora tamén aos recentes atentados en Bruxelas. O Fondo Galego volve amosar a súa repulsa ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levados a cabo en calquera lugar do mundo.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade considera que:

1. Desde o 2014 a guerra de Siria é responsable do maior movemento de persoas refuxiadas desde a Segunda Guerra Mundial. A parálise institucional desde aquela altura na Unión Europea e nos seus Estados membros, produto dos xogos de guerra e xeopolítica, afondaron unha crise de persoas refuxiadas que se alimenta non só do conflito sirio, senón tamén do iraquí ou do palestino. Conflitos enquistados onde a participación occidental ten sido abertamente recoñecida, se non promovida. Por tanto, o Fondo Galego interpreta que a actual crise humanitaria é claramente unha consecuencia da implicación dos intereses xeopolíticos por parte dos centros de poder establecidos nos países desenvolvidos, en particular do que coloquialmente se considera como Occidente (EEUU e Europa Occidental), así como doutros con importantes intereses estratéxicos en Oriente Próximo e no espazo euroasiático (Rusia).

2. É por tanto evidente que, ante o agravamento da violencia armada en Siria, particularmente visible tras a intervención militar rusa (setembro de 2015, parcialmente finalizada en marzo de 2016) e francesa (a partir de setembro), as persoas refuxiadas vense na obriga, inalterable e inevitable, de fuxir e buscar un futuro mellor fóra do seu propio fogar. Pero non é só a guerra en Siria, senón tamén o caos libio e o impacto doutros conflitos armados coma o que vive Iemen, que conta coa implicación dun aliado occidental como Arabia Saudita, a través do Consello de Cooperación para os Estados Árabes do Golfo Pérsico. En febreiro, os bombardeos sauditas en Iemen causaron milleiros de vítimas mortais dentro da poboación civil, sendo mais de 500 deles nenas e nenos, unha acción case absolutamente silenciada nos medios informativos occidentais, a diferenza da cobertura mediática dos recentes atentados de París e Bruxelas.

3. Rexeitamos, por tanto, a velada caracterización por parte de determinados sectores da opinión pública europea, no cometido de cualificar ou etiquetar globalmente ás persoas

refuxiadas como "potenciais terroristas" ou hipotéticas portadoras de sementes de violencia e radicalización cara Europa, cando é de sobra coñecido que os verdadeiros terroristas funcionan a través de células ben organizadas (a maioría delas xa radicadas en territorio europeo) e que se trasladan e comunican por outros medios.

4. No cometido da crise humanitaria derivada das/os refuxiadas/os sirias/os, resulta inquietante observar a proliferación de medidas restritivas e punitivas en materia de libre circulación de persoas, peche de fronteiras e maltrato aos dereitos humanos das persoas refuxiadas por parte de determinados gobernos europeos (Hungria, Eslovaquia, Polonia, etc.), que violan sistematicamente diversos principios fundamentais da UE e da libre mobilización dentro do espazo Schengen, co silencio e beneplácito do resto dos países que a integran. Así mesmo, hai que facer unha mención especial á situación das nenas e mulleres en tránsito, por estar sendo sometidas a vexacións e violencia sexual como pasaporte para entrar en Europa, segundo teñen denunciado diversas organizacións non gobernamentais. Cabe mencionar tamén os 10.000 menores desaparecidos nesta fuxida cara Europa, vítimas do tráfico de persoas, sen que as institucións europeas teñan tomado partido nesta problemática.

5. Igualmente, resulta de enorme preocupación o ascenso político e electoral de partidos e movementos xenófobos e antiinmigración, como o acaecido co partido Alternative für Deutschland (Alternativa para Alemaña) nas eleccións realizadas en tres länder alemáns o pasado 14 de marzo, motorizados pola crise das persoas refuxiadas.

6. Diante desta situación, o Fondo Galego (expresión organizada do municipalismo galego comprometido cos dereitos humanos desde o 1997) visibiliza o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de dereitos humanos coas persoas migrantes, xa sexan refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas: na República Centroafricana, Sudán do Sur ou Congo, entre os países máis devastados. Hai que lembrar unha vez máis que cando a crise humanitaria actual saia da axenda televisiva, as persoas refuxiadas seguirán aí.

7. O Fondo Galego insta a intensificar unha campaña masiva de difusión e de información sobre esta trágica realidade, a das persoas refuxiadas e as crises humanitarias, así como a procrear un debate plural e obxectivo sobre as raíces da violencia e do terrorismo.

8. Este debate plural define o obxectivo de fomentar un discurso crítico coa reprodución narrativa realizada por parte dos principais mass media sobre as causas do terrorismo e súa implicación nos conflitos armados, moitas delas caracterizadas pola conveniencia de reprodución dun imaxinario colectivo que reafirme e lexitime os intereses xeopolíticos dos principais centros de poder, principalmente á hora de actuar militarmente no terreo. As raíces e emanación do terrorismo non é só o Estado Islámico

entre Siria e Iraq, é tamén o grupo Boko Haram entre Nixeria e Camerún. Non é só o terrorismo xihadista salafista, é tamén a utilización de mercenarios por parte de empresas privadas de seguridade, moi prolíficas nas posguerras de Afganistán e de Iraq. Non é só Al Qaeda e outras redes terroristas, son tamén a intervención militar unilateral, ilegal e ilexítima, en diversos escenarios de conflito, así como as disparidades socioeconómicas e de desenvolvemento, reproducidas por mor da imposición dun modelo único.

9. O Fondo Galego celebra igualmente a reacción do municipalismo galego e, particularmente, daquelas entidades sociais que no seu momento abriron as portas dos seus Concellos ás persoas refuxiadas e que, no contexto actual, amosan expresións públicas de rexeitamento e denuncia contra este acordo UE-Turquía. Aproveitamos así a ocasión para reflexionar sobre a capacidade crítica e mobilizadora dos poderes descentralizados: temos moito que dicir neste mundo para promover a paz e a xustiza global.

10. O Fondo Galego solicita á Unión Europea unha posición de maior firmeza e celeridade para acometer a crise das persoas refuxiadas, non utilizando pactos e acordos con Estados non membros como Turquía, que sirvan como unha especie de "policías fronteirizos" capacitados para frear o fluxo de refuxiadas/os, principalmente dende Siria e Iraq. Cómpre así fomentar medidas eficaces de promoción da paz e solución de conflitos: solicitamos compromisos serios e non oportunistas coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos."

SEGUNDO.- Que o Concello de Monforte de Lemos se sume á proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia o 30 de marzo de 2016 por unanimidade, na que se acorda:

- Seguir traballando na coordinación, dentro do Plan de Acollida, de todos os recursos dispoñibles tanto das administración como das ONGs e das familias galegas, co gallo de favorecer a efectiva integración da persoas solicitantes de protección internacional.
- Defender no ámbito comunitario políticas construtivas e coordinadas fronte ás ameazas dos controis fronteirizos que se cernen sobre o espazo Schengen. A introdución permanente de controis fronteirizos non pode ser a resposta ás arelas dos cidadáns da UE de maior seguridade e protección do seu nivel de vida.
- Rexeitar calquera acordo que contemple expulsións colectivas de refuxiados sirios, así como a necesidade da adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os Dereitos Humanos, e especificamente, que calquera expulsión a Turquía só será posible adoptala tras a conclusión dun expediente de asilo individualizado con todas as garantías".

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor. Dende Esperta Monforte quérese algún xesto máis que un Pleno e unha aprobación, algo máis en contra desta situación vergonzosa.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que coinciden coa declaración do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e que coinciden en que o movemento migratorio do Mediterráneo pola guerra de Siria, produce problemas para a UE: hai que dar asilo, educación, traballo; é unha situación complexa, con varias medidas dende a UE. En España, o Congreso dos Deputados aprobou unha declaración de once puntos. Imos votar a favor, pero queríamos que o Concello se sumara ao aprobado polo Parlamento de Galicia o 30 de marzo. Le resumidamente unha emenda para o efecto (a emenda ten o contido do que resultará como segundo apartado do acordo). Agradecemos que se teña en conta e que se engada á declaración do Pleno.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que co do Fondo Galego, a favor. Respecto á emenda do PP, non sei se podemos aprobalo, o texto é do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, pero non teríamos problema en aceptala.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que non sabe ata que punto debemos modificar textos que nos veñen dados. Iso de “seguir traballando” paréceme frouxo. O Fondo Galego recolle o espírito que hai respecto aos acordos da UE. Legais poden ser, pero o legal non sempre é xusto. Podemos aceptalo, pero o do Fondo está completo e o texto do Parlamento non foi moi afortunado.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non ten problema en aceptalo se todos din que si. Quen o presenta, preséntao nos seus termos propios. Estaría máis por algo dende o Concello.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que é para engadir á declaración, que o que se poida facer dese modo.

De Dna. Pilar López Martínez, que non sabe se é oportuno engadir a emenda. Non sei se foi por unanimidade no Parlamento, fíome da súa palabra –da do PP-.

Do Sr. Alcalde, que di que se vai admitir. Votamos coa engádegas do PP.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN COA SUPRESIÓN DE 2 PRAZAS DE MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA E OUTRO PERSOAL SANITARIO NO AMBULATORIO DE MONFORTE DE LEMOS.

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

Durante os meses de febreiro e marzo do presente ano, producíronse no Ambulatorio de Monforte a xubilación de dúas médicas de atención primaria, as doutoras Alicia Ribas e Teresa Rodríguez.

Nos meses previos ás xubilacións referidas, esas prazas cubríronse precariamente, abrindo as súas axendas en días alternos e repartindo os pacientes entre os diferentes médicos de Centro de Saúde, pero unha vez que se produciron as xubilacións de xeito efectivo, esta situación cambiou.

A praza da doutora Ribas está sendo cuberta cun contrato de mes a mes, en espera da resolución da OPE, parece que para darlle unha solución de continuidade, pero a praza da doutora Rodríguez, amortizouse e os seus pacientes foron repartidos entre diferentes médicos do Centro.

Isto supón que no Centro de Saúde Monforte nun ano amortizáronse dúas prazas, xa que non podemos olvidar que fai aproximadamente un ano, amortizouse outra praza aproveitando o concurso de traslados e que xa fora debatido neste Pleno.

A situación actual do Centro de Saúde fai que a metade dos facultativos teñan un ratio superior ó que esixe o SERGAS, e que o resto queden cun cupo moi próximo ó máximo esixido pola Consellería de Sanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación do Concello de Monforte de Lemos, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP) , adopta o seguinte

ACORDO

Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para que manteña o número de médicos de atención primaria que había, cubrindo as dúas prazas que amortizaron no prazo dun ano no Ambulatorio de Monforte de Lemos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que intervén en termos similares aos da exposición de motivos da moción. Explica os cupos asignados aos médicos, hai catro con máis de 1.300 persoas, os pacientes deben estar entre 1.100 e 1.300, o cupo máis pequeno ten mil cento e pico. Pedimos que as dúas prazas sexan cubertas, non só unha.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di concordar co prexuízo do que se expón. Houbo problemas en pediatría, con dez días de espera. A realidade do Ambulatorio de Monforte téñoa denunciado en moitos foros. Esa axuda que ía vir en uroloxía, foi só en dous martes consecutivos, e a partir de aí, un só urólogo. Loxicamente, imos votar a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a circunstancia que hai, como noutros lugares, é a da perda de poboación, sendo esta cada vez de maior idade. Determinábase a ratio óptima de pacientes para cada facultativo. A ratio neste Centro de Saúde está na metade dos casos por riba, pero noutros por baixo. Non nos parece unha situación óptima, sería mellor máis poboación e máis médicos de atención primaria. Cando se xubila algún médico, outros collen máis pacientes ata a súa ratio. Existe marxe para iso? Tiven o interese de preguntar se os médicos estaban sobrecargados, chégame de diversas fontes e de facultativos que é asumible. Hai unha cousa na que coincidimos, que a praza non estea en provisionalidade. Como hai lista de espera para iso, que se contrate de forma definitiva. Presentamos unha emenda –le a emenda, que é para que no acordo diga o seguinte: *“Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a cubrir de forma definitiva no momento en que se publique a lista de contratación correspondente, a praza que agora está cuberta de modo provisional”*–, para que saia un pronunciamento unánime sobre a que é a verdadeira cuestión para corrixir a incertidume que hai.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, portavoz do Grupo do BNG, que di que están totalmente de acordo coa moción. As ratios son unha guía importante, pero levalas con rixidez non é a solución idónea. A pesar do amplo consenso sobre 1.500 pacientes por médico, pechar as plantillas cun modelo uniforme non está ben. A poboación que atende o noso Centro de Saúde ten unha proporción importante de máis de 65 anos. É unha poboación que precisa maior asistencia. Son pacientes que queren o mesmo médico, o paciente novo é máis áxil nese sentido. Por parte do Sergas deberían estar mellor organizados os Centros de Saúde, que alguén asuma realmente as circunstancias que se dan. Máis que o de cubrir dúas prazas, hai que pedir como máis xenérico que o Centro de Saúde se organice e se adecúe ás peculiaridades de cada lugar.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di que os dez días que dixo a portavoz de Esperta Monforte tamén pasou con ela, que estivo un par de semanas de vacacións, que non se lle cubriron, e os pacientes preferiron esperar. Son moi demandantes de atención as persoas maiores. A unha persoa nova non lle importa cambiar de médico. Hai ratios

nos arredores que non superan os 500 pacientes, habería que repartir doutra maneira. Non podemos aceptar a emenda. Pretendemos que se cubran dúas prazas, non só unha.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que comparte o que di a Dra. Cadarso sobre as ratios, pero hai que ver máis alá delas. Quen goberna dixo que non recortaría en sanidade; cando pasan as eleccións, aí están os recortes. Esa é a realidade da sanidade. Ben organizada –segundo Pablo Baamonde, por exemplo–, pode haber un bo servizo sen quitar asistencia. Vendéusenos que iso sería así coa xestión integrada, é unha mentira clamorosa. Ninguén coordina con ninguén. Isto é extensible ás enfermeiras, tampouco se cubren as vacantes. É lamentable que siga sucedendo e que queiramos poñerlle desculpas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que leva toda a vida indo a este ambulatorio. Hai anos había moita xente, hoxe as salas están máis baleiras que noutro tempo. Ao mellor había que pedir peche de cupos no límite, para evitar casos como o da Dra. Espinosa. Trátase de aproveitar os recursos, ver o que temos e o que precisamos. Tamén é insostible un médico con 500 pacientes. Ninguén utilizou a sanidade máis electoralmente que vostede (pola portavoz de Esperta Monforte). Acabo de pedir hoxe para o meu fillo e déronme cita para mañá. Ímonos abster porque non imos votar que non se cubran prazas.

(Dna. Alicia Cadarso non intervéñ nesta quenda).

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que agradece o apoio de Esperta Monforte e do BNG. Dille á portavoz do PP que antes volante e ao especialista; ela e outros teñen ata 60 visitas diarias, cunha media de 50, vas, pero míralos con dificultade.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A ELABORAR UNHA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE QUE INCLÚA A FEIRA DO MERCADO GANDEIRO, O MERCADIÑO DO PARQUE DOS CONDES E A PRAZA DE ABASTOS.

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha modificación do texto do que se acorda tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Nos últimos días puidemos ver nalgún medio de comunicación os problemas que se están xerando nalgúns concellos en torno á ausencia de ordenanzas municipais que regulen a venda ambulante naqueles mercados que se desenvolven en diferentes cidades.

Concretamente a Asociación de Vendedores Ambulantes e Autónomos de Galicia ten manifestado que levará ante a Fiscalía a aqueles concellos que cometan algún tipo de irregularidade nos postos das feiras e/ou mercadiños.

Como xa é ben sabido, o equipo de goberno anterior tiña traballado nun borrador de ordenanza reguladora de venda ambulante onde se recollían todos os mercados que se veñen desenvolvendo na nosa cidade, isto é o mercadiño do Parque dos Condes, o mercado da Feira das Lamas e a Praza de Abastos.

En xullo de 2015, o BNG, trouxo a este pleno unha moción lembrando a necesidade de redactar e aprobar unha ordenanza neste sentido.

Dende setembro de 2015 onde mantivemos a primeira Xunta de Portavoces e se decidiu regular o mercadiño de segunda man que se desenvolve no Parque dos Condes, e despois da última xuntanza de portavoces o pasado 20 de xaneiro de 2016 onde o Sr. Alcalde se comprometeu a presentar outro borrador de mercadiño non volvemos ter noticia de ningún tipo sobre este tema.

Consideramos que é preciso, non só regular o mercadiño de segunda man, senón tamén todos os mercados onde ten lugar unha actividade de venda ambulante

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao Equipo de Goberno a elaborar unha ou varias ordenanzas segundo tecnicamente sexa máis conveniente, a fin de regular a venda nos distintos mercados da nosa cidade, na Praza de Abastos -con excepción dos postos permanentes, que serán obxecto dun regulamento de funcionamento-, Parque dos Condes e Mercado Gandeiro, a facelo á maior brevidade a fin de evitar as incidencias que, por falta de regulamentación, se están a producir dende hai tempo.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dña. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non se lle esqueza matizar sobre o punto anterior que é moi importante organizar a atención primaria. Quen nos goberna anunciou a bombo e platillo que se podía escoller médico e enfermeira; como escoller, se hai facultativos cargados. (O Sr. Alcalde dille que debe cingirse á cuestión). A portavoz do PP tivo moita sorte, a miña veciña tivo que esperar dez días. Imos apoiar esta moción do BNG, xa se leva demandado e mirado na Xunta de Portavoces. Eu tiña unha pregunta sobre o Parque dos Condes. Espero que xa saia neste debate.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a sorte dela foi aquí en internet co número da súa tarxeta. Coincidimos en redactar dunha vez por todas esta ordenanza. A única motivación da nosa emenda é que non compartimos o da segunda man no Parque dos Condes, e a posibilidade dunha ou máis ordenanzas. No fondo é o mesmo, pero a nosa emenda –le o texto, é o acordo que resulta aprobado, agás “que serán obxecto dun regulamento de funcionamento”- abre posibilidades técnicas, está aberta ao que me digan sobre outra redacción posible.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que están estudando a adaptación ás nosas circunstancias. Isto vai máis alá da proposta de xullo de 2015 e do que se leva traballado polo Grupo de goberno. O da Asociación de vendedores ambulantes de Galicia non é nada novo, falta regulación dende anos atrás. Non sei que pensan que é a Fiscalía, non é un buzón de suxestións. Dísenos que o equipo de goberno anterior tiña un borrador, non vemos esta premura, nunca coñecemos ese borrador. No anterior mandato, só houbo unha reunión, sen ese borrador. Non entendo esta présa en algo que foi deixado no seu día de forma anárquica. Os tempos deben ser marcados por quen gobernan.

De Dna. Pilar López Martínez, que di sobre a emenda de substitución que non lles parece mal, pero hai unha frase “*con excepción dos postos permanentes*”, que precisan tamén un regulamento xurídico de funcionamento, o que vai máis alá dunha ordenanza. A nosa intención non é retrasar máis a elaboración e redacción desta regulación. Cada vez que o BNG critica algo, sempre din “non o fixeron antes”, debe deixarse de lamentacións e poñerse a facelo, o Alcalde dicía que tiña solucións para todo. Agora están gobernando vostedes, fágano. Que se faga o antes posible. Podemos aceptar a redacción da emenda. Na prensa saíu que a Asociación de ambulantes presentou escrito en setembro de 2015, o Alcalde non pode dicir que non sabe del. (O Sr. Alcalde dille que se preguntara, en vez de ler tanto a prensa).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a súa pregunta é cando imos retomar o da Ordenanza do Parque dos Condes.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece que o BNG acepte esta outra redacción. Coincidimos na regulación diferente para os postos permanentes. Apoiamos a moción coa nosa emenda.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que a posición do seu Grupo é a abstención. Non satisfizo o porqué deste interese e présa. O pasado importa, se en doce anos non se fai, non pode haber solución en escasos meses. Ninguén dixo que teña solucións para todo. A pregunta de Esperta Monforte ten a súa canle regulamentaria e non dá lugar a acordo, será cando poidamos. Non me lamento de nada. Non comprendo o porqué desta euforia tras doce anos de inactividade. Estamos traballando, pero cada regulación ten o seu marco adecuado e require estudo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o mercadillo do Parque dos Condes non leva doce anos. Dos doce, vostedes gobernaron catro con nós. O do Parque dos Condes foi iniciativa duns ingleses en 2011, non é de hai doce anos. Cómpre delimitar o que se quere facer en cada sitio. O borrador que nos pasaron non nos servía. Se non se fai venda ambulante, non se regulará como tal, pero hai que empezar por aí. Non é máis ou menos présa, é que hai que facelo. A quen lle toca é a vostedes, xa levan dez meses, non son os cen días de cortesía. Na emenda, eliminan a frase?

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que le de novo a emenda. Precisamente é para que non haxa dúbidas de que teñen outra regulación os postos permanentes. A eliminación tería o efecto contrario. Incluír "que serán obxecto dun regulamento de funcionamento".

(Coa emenda aceptada e a frase que se inclúe, o acordo que se vota é o que figura aprobado. Substitúe ao inicial da emenda que foi ditaminado: *"Instar ao Equipo de Goberno a que elabore unha ordenanza que regule a venda ambulante en todos os mercados que teñen lugar na nosa cidade e non só o mercado de segunda man que se celebra no Parque dos Condes."*).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE VOLVA A SER DECISIÓN PLENARIA A ORDENANZA REGULADORA PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN (ARI).

(Durante o debate, auséntanse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

“Como recordarán, o pasado 9 de decembro de 2015 veu a este pleno da Corporación Municipal unha proposta de Alcaldía na que se aprobou a derogación da Ordenanza Reguladora para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas na Área de Rehabilitación (ARI) dado que con data 27 de outubro de 2015 se asinara un convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Monforte de Lemos. Nese acordo establecíase que no prazo de dous meses dende a sinatura do mesmo era preciso publicar unha convocatoria en réxime de concorrència para a concesión das subvencións previstas no ámbito que comentamos.

Dada a urxencia e a falta de tempo para redactar as devanditas bases de convocatoria de axudas para a zona ARI, acordouse derogar a ordenanza aprobada en pleno en 2010, e continuar co proceso aprobado en Xunta de Goberno Local do 23 de novembro de 2015 onde, por unanimidade, se acordou aprobar as bases e convocatoria para que a nosa cidadanía puidese ser beneficiaria destas axudas de rehabilitación de vivendas na zona ARI.

Unha vez que conclúa o período do novo Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e collendo como referencia as bases aprobadas en Xunta de Goberno Local, coas modificacións que se consideren oportunas, en consonancia cos sucesivos convenios, o pleno da corporación debería de ser o órgano competente que aprobe as devanditas bases para a concesión destas axudas, tal como se viña facendo anteriormente.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos presentes –son quince votos a favor-, con dúas abstencións *in absentia* –art. 100.1 do ROF-, adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao Equipo de Goberno a que volva traer a pleno a aprobación da Ordenanza Reguladora para a Rehabilitación de edificios e Vivendas na Área de Rehabilitación (ARI) para os vindeiros períodos de axudas e subvencións.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor. Nada máis.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que tamén están a favor.

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a derogación foi porque xa estaba caducada, foi máis formal que outra cousa. A regulación que se fixo foi pola urxencia. Ningún inconveniente para que en 2017, se hai tempo, veña ao Pleno.

De Dna. Pilar López Martínez, que dá as grazas polo apoio.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE RESTITUCIÓNS DE CUSTES DE OBRAS DE RENOVACIÓN DA REDE OU INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, QUE TEÑAN SIDO INDEBIDAMENTE ASUMIDAS POLO CONCELLO NOS ÚLTIMOS ANOS.

(Durante o debate, reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez, e auséntase e reincorpórase Dna. Mª José Vega Buján).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- No Pleno desta Corporación do pasado mes de marzo se debateu unha iniciativa do BNG, sobre a abriga da concesionaria Aqualia de soportar os custes da obra de renovación das conduccións da rúa Corredoira, Irmáns Dapena e José de Garabantes. Se basaba nun informe da Técnica de Servizos no que se refería as obrigas da concesionaria Aqualia, en cuanto ao mantemento do servizo e as mellaras comprometidas, a resultados do establecido nos arts. 25 e 26 do prego de condicións.

Así o art. 25 sinala: *"las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación"*

E o art. 26.4, cando sinala: *"Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario"*

2.- En relación á obra sinalada de renovación das conduccións nas rúas Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes, a Sra. Interventora, emitiu informe de fiscalización en

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

data 19.11.2015, que sinala *"debería incorporarse ao expediente informe técnico relativo a si a obra que se licita pode estar no ámbito do obxeto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia S.A., que inclúe o mantemento das conduccións como unha das abrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición das conduccións previamente existentes, polo tanto sería esta mercantil quen debería executar as obras ou de ser o caso. repercutirlle o coste da mesma"*

En data 29.1.2016, a Enxeñeira Técnico Industrial deste Concello, emitiu informe sinalando *"visto que nas rúas Irrnás Dapena, Corredoira e José de Garabantes as continuas roturas da tubería non posibilitan a correcta prestación do servizo, as obras de renovación da instalación, según o art. 26 do contrato deberán ser por conta do concesionario"*

3.- Con arreglo ao sinalado nestes informes, as obras de renovación das conduccións que son consecuencia das continuas roturas das tuberías, que impiden a correcta prestación do servizo, a fin de garantila, deberán ser por conta do concesionario.

4.- No pleno pasado este grupo presentou unha enmenda que foi rexeitada, a fin de que se elaborara un informe que permitira determinar as obras que reunindo eses requisitos, teñan sido soportadas polo Concello, a fin de iniciar os expedientes de restitución que sexan procedentes.

Tal enmenda non foi aceptada, o que abriga a presentar esta iniciativa, coa que se pretende defender os intereses deste Concello, revisando os expedientes de obras executadas na rede e instalacións de abastecemento e saneamento, que, a pesar de estar no marco das abrigas da concesionaria foran asumidas pola entidade local, iniciando os expedientes que correspondan a fin de restituir os custes indebidamente soportados polo Concello, ás arcas municipais.

Polo exposto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A que polos servizos técnicos municipais se elabore un informe, a fin de determinar as obras de renovación da rede ou instalacións de abastecemento e saneamento, que nos últimos anos foran indebidamente asumidas polo Concello, por traer causa das continuas roturas que imposibilitaban a correcta prestación do servizo. No referido informe tamén se analizará as obras que aínda sendo financiadas por Aqualia poideran ser consideradas de reposición ou de renovación e non de investimento.

2.- E unha vez determinadas esas obras, se inicien os expedientes procedentes a fin de repercutirle á concesionaria Aqualia, os custes das mesmas, que indebidamente teña soportado o Concello.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que é consecuencia dunha emenda no Pleno pasado, que foi rexeitada. Explica a moción. Sobre unha emenda de engádegas do Grupo Socialista, que non só se miren as obras de renovación soportadas polo Concello, senón tamén o tomado por investimento sendo conservación, aceptan esa emenda.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que Esperta Monforte, como sempre que se solicita que se cumpran contratos, está a favor. Dado que o xoves vai haber unha Xunta de Portavoces para información sobre estas cousas, non sei se esa información resolverá isto dalgunha maneira.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que a emenda non a aceptaran porque na moción deles había un informe concreto de ser a obra por conta de Aqualia. O do PP non ten informes feitos. Os expedientes de doce anos foron fiscalizados e examinados, non nos constan advertencias como esta de agora. Non temos ningún informe para isto, pero o noso voto é a favor desta moción, se algo é requirible a Aqualia, que se lle solicite. Nada que obxectar a iso.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é difícil falar do contrato de Aqualia sen referirse ao pasado. Temos tratado de modificar como abordar o de Aqualia. Fíxose un seguimento técnico, temos avanzado, todo é corrixible. Somos partidarios de chegar a acordos coa empresa e cos Grupos: se non é así, chegarase incluso aos tribunais para defender os intereses do Concello. De acordo con reclamar todo o que debía ser financiado por Aqualia. A nosa emenda é para incluír tamén aquilo que non debeu ser tido por investimento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que coincidimos na obriga de facer cumprir os contratos. Os informes serán relevantes dentro do que veremos na Xunta de Portavoces. Non había informes, segundo a portavoz do BNG: recordo as ocasións en que trouxemos a esixencia do cumprimento do art. 26, recordo o voto en contra do BNG. Temos un informe que nos abre esta porta. O pasado, como dixo o portavoz socialista, é difícil non telo en conta, pero miremos para adiante. A nosa moción sobre a obriga co depósito de San Vicente, rexeitárona, pero agradecemos o apoio de agora.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que foi o seu Grupo o que no Pleno pasado tivo a iniciativa sobre as obras da rúa Corredoira e outras. Quédanos a dúbida de se se

tería feito, se non. Se queren mirar para atrás, non evado responsabilidades, pero mirar para adiante é facer as cousas ben. Sobre a emenda do Grupo Socialista que nos entregaron, entendo que estas obras están no negociado coa empresa.

(O engadido coa emenda é o que figura tralo punto e seguido do punto 1 do acordo)

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA BUSCAR FÓRMULAS QUE PERMITAN INCREMENTAR O NÚMERO DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO EN PUNTOS DA CIDADE ONDE EXISTE ESPECIAL DEMANDA.

(Durante o debate, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.-É sabido que nos últimos anos se levaron a cabo actuacións en diversas ruas de Monforte que ocasionaron a eliminación dun número importante de estacionamentos; así, na rúa Hortas, Praza Doutor Goyanes, Praza das Clarisas, Rúa Roberto Baamonde, Compañía etc.

Esto provoca que os usuarios de negocios, servizos públicos ou residentes deses entornos leñan especiais dificultades para estacionar, especialmente a determinadas horas, como acontece no entorno do Ambulatorio, Xulgados, entorno da zona comercial etc.

Esta situación fai que en determinadas circunstancias, persoas que non poden desprazarse, ou que leñen que cargar bultos, persoas con nenos pequenos, ou discapacidade, ou ante determinadas urxencias, se vexan abrigadas a estacionar de modo indebido, inda que sexa de modo puntual.

Na última sesión plenaria desta Corporación aprobouse unha iniciativa de Esperta Monforte, dirixida a facer cumprir a normativa vixente, dando instrucciónes por escrito e facendo un seguimento trimestral do seu cumprimento.

É evidente que este grupo coincide na necesidade de cumprir a normativa vixente, e si se trata de facer seguimentos sobre tal cumprimento deben recollerse !amén as incidencias ou motivacións que poden dificultar ou mesmo impedir a observancia da normativa en canto aos estacionamentos en determinadas zonas donde as prazas

existentes son notoriamente insuficientes para dar cobertura a demanda de determinados momentos do día.

Por tal motivo, consideramos necesario que nese seguimento que se ten solicitado por Esperta se contemplen as circunstancias sinaladas.

E reiterando a enmenda presentada na sesión plenaria, que non foi aceptada, interesamos que se busquen fórmulas para incrementar o número de prazas de estacionamento, pala vía do alquiler de solares en zonas nas que o número de prazas é claramente insuficiente, como o entorno do ambulatorio, xulgados, etc.

Por todo isto, o Pleno da Corporación, por dezaseis votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e do PP) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

- 1.- Que nos seguimentos trimestrais sobre cumprimento da normativa que se lle soliciten a Policía Municipal, se recollan as incidencias ou motivacións que poden dificultar ou mesmo impedir a observancia da normativa especialmente, en determinadas zonas donde as prazas existentes son claramente insuficientes para dar cobertura a demanda de determinados momentos do día.
- 2.- Que se busquen fórmulas para incrementar o número de prazas de estacionamento, pala vía do alquiler de solares nas zonas que se aprecien como insuficientemente dotadas.
- 3.- Que se doten máis prazas de estacionamento para persoas con discapacidade.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que tamén é consecuencia dunha emenda non aceptada no anterior Pleno. Recorda o do Pleno anterior sobre a eliminación de prazas de aparcamento. Explica o que pon a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que isto vén en relación coa moción do seu Grupo do último Pleno, pero de maneira moi distinta. Nós faciamos fincapé non bo que é camiñar. Pareceríanos axeitado máis prazas para persoas con problemas de mobilidade. Que Monforte ten carencias de aparcamento está fóra da realidade. Se queremos unha cidade humana, non é compatible cos coches. Volvo poñer o exemplo de Pontevedra, os comerciantes de alí están orgullosos cando primeiro non o aceptaban. Ninguén compra un saco de cemento; e se o fai, leva un carretillo.

De Dna. M^a José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que aporta a súa dose de pasado. Anuncio que vou votar a favor, non tanto polo punto 1, senón polo punto 2, pero aproveito para reflexionar sobre o tráfico na nosa cidade. Se non hai problemas de aparcamento, unha cota de acerto se nos outorga. A peonalización do Cardeal, Doutor Teijeiro, etc., foi co PP, con Nazario Pin. Houbo comerciantes en desacordo. Eliminou as prazas que alí había. Vostede non fala desas, pero si doutras como a rúa Hortas –non me recoñezo nela, fora do PP, hai un aparcamento público que nós regularizamos-, ou Doutor Goyanes –que recoñezo, estaba case en exclusiva para parque móbil do Concello-. O das Clarisas tamén o dou por ben feito: está ben sacar os coches de diante do Museo de Arte Sacro. En Roberto Baamonde será nunha zona, noutra non houbo supresión de prazas. Temos que ver con ter habilitado aparcamento no Campo de San Antonio. O entorno do ambulatorio e do Daviña Rei é atractivo para os coches, pero o Malecón e Doutor Casares son dabondo. Cremos que a cidade de Monforte non ten problemas serios de aparcamento.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que están sempre de acordo coa creación de prazas de aparcamento. No Parque dos Condes, o aparcamento gratuíto foi xestionado polos socialistas; houbo quen dixo que mellor xardía, que ía contra o Patrimonio, pero está ben. Hai algunha zona problemática. Votaremos a favor, pero dependerá das circunstancias para levalo á práctica. Non confundir aparcamentos dispoñibles con ter o coche ao lado da casa. Non cremos nun problema grave de aparcamento en Monforte de Lemos. Xa o vimos na moción do Pleno anterior. Os problemas de aparcamento son puntuais.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non coincide con Esperta Monforte en que non haxa problemas de estacionamento. Non hai máis que ir á praza das Clarisas, a Doutor Goyanes ou a outros sitios, hai que mirar como están agora os coches. En canto a camiñar, vén moita xente das parroquias e de fóra. E hai unha poboación envellecida. Claro que foi boa iniciativa a do Cardeal. Pero miren cantos aparcamentos subterráneos en Pontevedra e noutras cidades. Se Esperta Monforte fai unha emenda *in voce* de máis prazas para discapacitados, de acordo. Pero nós poñemos a vista na peonalización sen alternativas de aparcamento.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que os das parroquias non teñen prohibido aparcar nos aparcamentos que hai. Noutras cidades, hai aparcamentos subterráneos, que son moi caros. Temos aparcamentos gratuítos e algúns de pago – un euro ao día- practicamente gratuítos. A favor, se o substituímos por prazas para xente con discapacidade. Non todos os que van á farmacia de Doutor Goyanes son inválidos, poden aparcar no Malecón. Nós o que denunciemos é o abuso, o do aparcamento salvaxe como expresión.

De Dna. M^a José Vega Buján, que di que o 27 de abril de 2014 foi publicada unha reportaxe sobre valoración das cidades de Galicia, Monforte obtivo mellor nota que as cidades importantes galegas. Aínda que imos votar a favor, non coincido nas causas dos malos aparcamentos. Unha parada non é problema, o problema é cando se fai nun paso de peóns ou cando se subían coas catro rodas á beirarrúa ata que se puxeron bolardos. Iso non é óbice para que se se atopan espazos libres, aproveitálos: consolidar o Parque dos Condes ou usar o lugar da casa que ardeu na rúa do Conde.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que é mellor educar que sancionar. Hai que buscar solución, pero onde está o problema, non hai soares posibles.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio, pero insiste na problemática e di que era sinxelo ver bolsas de terreos no PXOU. A moción de Esperta Monforte era para sancionar. Esta moción vai noutra liña: imos mirar. Os do Cardeal saen paseando. Os da Penela veñen no coche. Non hai aparcamentos en amplas zonas. Temos a obriga de dotar máis prazas de aparcamento. Co PP había un proxecto de aparcamento subterráneo que se desbotou despois. Quiroga teno.

(O Sr. Alcalde comenta que parar non é aparcar. A portavoz do Grupo propoñente engade o que resulta como punto 3 do acordo que se aproba. O Sr. Alcalde di que isto é instar, despois hai que xestionar).

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ELIMINACIÓN DE GRAFFITIS, LIMPEZA, PINTADO E ENLUCIDO DA PASARELA DO PARQUE DOS CONDES, REQUIRINDO Á EMPRESA FCC NO QUE SEXA DA SÚA COMPETENCIA.

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse Dna. M^a José Vega Buján e D.Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Parque dos Condes é un dos entornos destacados da nosa cidade, pola sua céntrica ubicación, pola sua proximidade á zona monumental do colexio dos Escolapios, e por ser o principal parque da cidade.

O Parque dos Condes, está comunicado coa marxe dereita do río Cabe a través dunha pasarela metálica, que ofrece unha imaxe lamentable polo estado de abandono e falta de conservación que presenta, con numerosas pintadas e graffitis, e unha ausencia do mínimo mantemento que require esta estrutura no entorno no que se atopa.

As fotografías adxuntas dan boa conta do estado no que se atopa a pasarela, e dos graffitis que a afean.

É necesario eliminar esas pintadas, esixíndolle á empresa concesionaria FCC, que lle dé cumprimento ao contrato que a abriga, e proceda a eliminar os graffitis e pintadas que afean esta estrutura e a parede que a sustenta.

A abriga de eliminar pintadas e graffitis aparece recollida no prego de condicións técnicas que obriga a FCC, que deberá propoñer no seu plan de prestación de servizos un sistema para a limpeza de graffitis e pintadas en edificios ou espazos públicos, no que defina a frecuencia proposta para efectuar esta limpeza, debendo executar este servizo sempre que o intermediario coa administración llo solicite.

Non lle consta a este grupo que se lle esté dando cumprimento en modo algún a esta abriga de eliminar graffitis e pintadas.

Creemos que, non só é preciso eliminar os graffitis e pintadas que afean a parede da pasarela, senón que é necesario limpala ou mesmo pintala, e igualmente a estrutura metálica que tamén precisa limpeza ou pintado. En definitiva, é preciso levar a cabo unha actuación de adecentamento global da pasarela que non pode permanecer no estado que presenta por mais tempo.

O Pleno da Corporación adopta, por unanimidade, o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

- 1.- A requerir á concesionaria da limpeza viaria, FCC, para que cumpra coa súa abriga de eliminar graffitis e pintadas existentes en edificios e espazos públicos, particularmente os que afean a pasarela do Parque dos Condes.
- 2.- A levar a cabo unha actuación de adecentamento da pasarela do Parque dos Condes, limpando ou mesmo pintando, a parede e a parte metálica, da mesma, a fin de que luzca cun aspecto limpo e enlucido, acorde co entorno no que se ubica."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que outra vez estamos co cumprimento dos contratos dos concesionarios. Explica a moción. Le os acordos. Esperamos contar co apoio dos outros Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor como sempre que se trata do cumprimento dos contratos e das normas. Nós non queremos castigar, queremos que se cumpran as normas, tamén as de tráfico, nestas a carga e descarga está autorizada, non ten que ver co aparcamento.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que non ve impedimento en que se pida isto da empresa e no adecentamento da pasarela. Non é o mesmo pintada que graffiti. O segundo é unha pintura intencionada decorativa, hai que diferenciarlo. De acordo coa eliminación da pintada da pasarela.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que anuncia o voto favorable. Sobre o depósito de San Vicente, falamos con Aqualia e talvez é máis interesante facer un mural, co permiso de Patrimonio, para evitar unha nova pintada. Sobre o parque dos Condes, de acordo con esixir ás empresas que cumpran co contratado. Xa falamos con FCC sobre isto e comprometéronse a limpar a pasarela, valorando a mellor maneira de facelo. O dos óxidos xa é un tema municipal e terá que miralo a brigada de obras.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio dos Grupos. A Esperta Monforte dille que a carga e descarga non é para particulares. No de San Vicente, está ben o impulso para que se actúe. Ao BNG dille que a diferenza entre pintada e graffiti vale so os graffiti fosen autorizados, non nos referimos a este suposto.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA SOLICITAR FONDOS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA LEVAR A CABO DIVERSAS ACTUACIÓNS.

(Durante o debate, auséntanse e reincorpóranse D. Víctor López Mateo, Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Alicia Cadarso Palau).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1. Tendo coñecemento da aprobación do orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a presente moción ten por obxecto solicitarlle a dotación de fondos para financiar a realización de diversas actuacións necesarias e urxentes no noso Concello e que benefician a todos os veciños.

2.-En xullo de 2014, presentouse un proxecto no que se anunciaba un investimento de 885.000 € para crear na finca do Pazo de Tor, unha granxa cinexética de cría de perdiz e coello de monte, un centro de cría de enxames de abellas para que os apicultores poidan rexenerar as suas colmeas, e un viveiro de árbores para repoboacións arbóreas.

Este anuncio de investimentos no Pazo de Tor, nunca chegou a materializarse, a pesar de ter transcorridos preto de dous anos dende aquela presentación. Neste tempo non se ten feito nada por facer a finca produtiva, senón que tanto a finca como as súas instalacións carecen do mínimo mantemento, presentando un estado de abandono que non se corresponde coa importancia e o potencial das instalacións donadas no seu día por Dña. M^a Paz Taboada y Zúñiga, para rendibilidade e disfrute de todos os cidadáns da provincia.

Interésase por tanto que se efectúe o investimento proxectado no seu día por importe de 885.000 € a fin de facer produtiva e recuperar e mantera finca do Pazo de Tor e as suas instalacións.

3.- As vías de titularidad da Deputación, precisan nalgúns casos de actuacións urxentes de mantemento, como a LU-3201 (pintado e sinalización pasos peatonales en Piñeira), a LU-3202 (mellora do firme, sinalización e pintado), a LU-3203 (mellora puntual de firme e eliminación de socavón en tramo urbán) LU-3207 (eliminación baches km 2, sinalización e pintado) ou a LU-P-0901 (mellora do firme entre Fiolleda e Carrouba), e bacheos puntuais nestas e noutros viales provinciais que se cuantifican en 260.000 €.

4.- Os usuarios do transporte urbán e interurban, teñenlle trasladado a este grupo a necesidade de dotar dunha marquesiña a parada de autobús existente nas inmediacións da Residencia da Terceira Idade do Morín, que carece dela, e que se cuantifica en 4.000 €.

As devanditas actuacións propostas polo noso grupo serían as seguintes:

- Posta en produción, recuperación e conservación da Finca do Pazo de Tor e as súas instalacións: 885.000 €
- Instalación de Marquesiña nas inmediacións da Residencia da Terceira Idade do Morín por importe de uns 4.000 €

- Arranxo de vías provinciais: LU-3201 (pintado e sinalización pasos peatonales en Piñeira), a LU-3202 (mellora do firme, sinalización e pintado), a LU-3203 (mellora puntual de firme e eliminación de socavón en tramo urbán) LU-3207 (eliminación baches km 2, sinalización e pintado) ou a LU-P-0901 (mellora do firme entre Fiolleda e Carrouba), e bacheos puntuais nestas e neutros viales provinciais que se cuantifican en 260.000 €.

Por todo isto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

SOLICITAR Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, OS FONDOS NECESARIOS PARA FINANCIAR AS SEGUENTES ACTUACIÓNES:

- Posta en produción, recuperación e conservación da Finca do Pazo de Tor e as súas instalacións: 885.000 €
- Instalación de Marquesiña nas inmediacións da Residencia da Terceira Idade do Morín por importe de uns 4.000 €.
- Arranxo de vías provinciais: LU-3201 (pintado e sinalización pasos peatonales en Piñeira), a LU-3202 (mellora do firme, sinalización e pintado), a LU-3203 (mellora puntual de firme e eliminación de socavón en tramo urbán) LU-3207 (eliminación baches km 2, sinalización e pintado) ou a LU-P-0901 (mellora do firme entre Fiolleda e Carrouba), e bacheos puntuais nestas e neutros viales provinciais que se cuantifican en 260.000 €.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ten que ver cos orzamentos da Deputación de Lugo. Vemos recursos posibles para os Concellos. Explica as necesidades ás que se refire a moción. Esperamos contar co apoio do resto dos Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que isto ínstase á Deputación segundo se viu na Comisión. Ben tanto o das vías provinciais como o do Pazo de Tor –fun enfermeira de Dna. Mª Paz-. Pido tres minutos de receso ao rematar este punto, por estar soa no meu Grupo.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que está de acordo, pero ve un tanto absurdo que veñan solicitando isto cando se esqueceron do noso Concello cando gobernaron a Deputación de Lugo, enumera os do PP que foron axudados. Sacan unha publicidade sobre achegas a Concellos grazas ao PP, “comprometido coa provincia de Lugo”, excluindo a Monforte. Por que ese gasto publicitario?

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que ve predilección polas marquesiñas da Deputación, pois que a Xunta deseñe de forma parecida. A estrada é da Xunta, é máis posible para a propoñente ir por esa vía. O orzamento provincial está aprobado, pero está pendente de alegacións do PP. Lembra cousas que pode pedir ao goberno do PP: Porto Seco, Autovía A-76, variante ferroviaria, etc. Manifestaremos o sentido do voto unha vez escoitada á portavoz do PP e ás demais intervenientes.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece os votos a favor. Pregúntalle ao BNG, sobre o uso partidista dos convenios, onde estaba o Alcalde para demandalos. Sobre o gasto en propaganda, non falemos diso para non falar do pasado, gastos en consultoría e demais. Ao portavoz socialista dille que a marquesiña onde o acceso ao Hospital non está nunha vía da Deputación. Hainas onde non son vías provinciais. Que as pedimos por ser máis bonitas, é unha apreciación estética sacada de ton.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa dixo que está a favor. Sempre a favor de que veñan cartos para Monforte. Pero o castigo da Deputación a Monforte, viuño todo o mundo.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á portavoz do PP que lle diga aos seus compañeiros de partido que non se esquezan de Monforte, a cidade máis importante da provincia despois da capital dela. O Alcalde si, pero vostede tamén pode mirar.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que se a marquesiña a autoriza a Xunta, encantado. Os orzamentos hai que sacalos adiante e verá como hai cousas para Monforte e para outros. É un labor que pode facer sen cor política.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non se lle reclame a ela o castigo que se dixo para Monforte. O PP gobernou tres meses na Deputación, uns convenios saíron adiante e outros non, este Concello tivo que ser quen de instalo. Hai cousas da Xunta; outras como a A-76 ou a variante ferroviaria, non. A Xunta fixo a potabilizadora, os accesos ao Porto Seco, o 50% agora para a depuración deste. É inxusto esa demanda para a Xunta. Este Grupo sempre apoiou que se instase á Xunta. Coincidamos nesta ocasión, incluída a marquesiña.

Do Sr.Alcalde, que di que aproban esta iniciativa, pero dígalle ao seu Grupo que non obstaculicen os orzamentos da Deputación. Candia, cos convenios, só se “equivocou” con Cervantes. Eu non estaba escondido, eu tería aceptado.

(Sendo as vinte e tres horas e corenta e seis minutos, faise un receso da sesión, segundo o previsto no art. 87 *in fine* do ROF).

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ESIXIRLLE Á EMPRESA QUE LEVOU A CABO A OBRA DE RENOVACIÓN DAS CONDUCCIÓN DE AUGA POTABLE NAS RÚAS IRMÁNS DAPENA, CORREDOIRA E JOSÉ DE GARABANTES A ENTREGA DA OBRA EN PERFECTO ESTADO.

(Retómase a sesión ás vinte e tres horas e cincuenta e tres minutos, coas ausencias de D.Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Marina Douton Rajo e Dna. M^a José Vega Buján, que se reincorporarán nesa orde ao comezo do debate deste punto).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e co engadido que resulta tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Antes de nada, dende o Grupo que eu represento queremos manifestar a nosa alegría porque esta obra de renovación das conducións de auga potable nas rúas Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes estea concluíndo e esperamos, moi sinceramente, que sexa a solución aos problemas de abastecemento de auga que tiña a veciñanza nesta zona de Monforte.

Como recordarán, o pasado venres, día 15 de abril de 2016 anunciouse nun coñecido medio de comunicación a entrega da obra de RENOVACIÓN DAS CONDUCCIÓN DE AUGA POTABLE NAS RÚAS IRMÁNS DAPENA, CORREDOIRA E JOSÉ DE GARABANTES, e mesmo se aludía a que a entrega desta obra foi definida como “el final de una pesadilla”.

Pois ben, despois dun paseo que tiveron ocasión de dar pola zona en cuestión, e simplemente vendo as marabillas das que o Sr. Tomé falaba nun coñecido medio de comunicación, a verdade é que máis ca o final dun pesadelo, parece que vai ser o inicio dun mal soño, e explicome, neste paseo o que tiveron ocasión de observar foron as numerosas deficiencias que presentan e que, por suposto, ao noso entender, son inadmisibles nunha obra que, de momento, lle custou ás arcas municipais, é dicir, a todos os monfortinos e monfortinas, a nada desprezable cantidade de 231.251,95€.

Recórdolles que foi este grupo municipal que trouxo ao Pleno da Corporación do pasado día 4 de abril de 2016 unha moción para requirirlle este importe á Empresa Adjudicataria do mantemento e servizo de abastecemento e saneamento de augas de Monforte, Aqualia, e que, polo que podemos saber, xa se lle requiriu.

Gustaríanos saber se esta obra xa foi entregada, certificada e recibida por parte do Concello porque de ser así, sinceramente, sería bo que volvease aos medios de comunicación a aclararlles a todos os monfortinos e monfortinas que neste lugar aínda se segue traballando, e a nós, á Corporación Municipal, debería aclararnos que, de ser certo que a obra xa foi entregada, certificada e recibida, como é posible que se reciba unha obra sen estar rematada. Isto soa máis a un interese propagandístico e propio dunha campaña electoral ca ás formas normais e legais establecidas nestes casos como é a recepción dunha obra.

A simple vista e tal como se pode apreciar nas fotografías que se achegan podemos observar o seguinte:

1. As baldosas están colocadas dun xeito, permítame a expresión, dun tanto chapuceiro, porque calquera persoa, coma min inexperta na materia, se pode decatar das “eses” que fan as diferentes cores das mesmas, ademais de existir unha boa cantidade de baldosas totalmente estragadas e rotas (fotografías 1,2,3) e mesmo sen encintar. Non hai que ser moi expertos para darse de conta de que unha vez comezado a instalarse os bordos da beirarrúa, deberían colocarse as diferentes baldosas e os remates deberían de ir contra as fachadas das vivendas, porque efectivamente, a liña das fachadas non é uniforme, e polo tanto si que se disimularían moito máis as imperfeccións do ancho das beirarrúas. (fotografías 4-13)
2. Existen vaos de saídas de vehículos sen a correspondente baixada para o acceso dos mesmos. (fotografía 14)
3. Sinais de Carga e Descarga enriba da propia rúa, en lugar de instalarse na beirarrúa, e nun paso de peóns.(fotografía 15-16)
4. Ausencia de pintado dunha zona habilitada para estacionamento de minusválidos previamente existente, enfronte dun negocio vinculado á minusvalía (fotografía 15-16)
5. Numerosos valos, chapas de ferro na estrada, beirarrúas sen rematar, palets de madeira, restos de obra... (fotografías 17-18-19)
6. Rebaixe nas beirarrúas para o acceso de cadeiras de rodas ou carriños de bebés, que dubido que presenten as inclinacións legalmente establecidas (fotografías 20)
7. Baixadas de augas pluviais directamente ás beirarrúas, (fotografía 21)

8. Existencia de bolsas de auga na calzada onde antes non existían (fotografía 22)
9. Arquetas de rexistro de auga sen estar ao nivel da beirarrúa co conseguinte perigo para a cidadanía. (fotografía 23)
10. Etc...

Todo isto, lévanos a pensar que se os acabados exteriores están como están e á vista de calquera cidadán, non quero pensar como quedaría esta obra por debaixo porque sen ir máis lonxe, acerqueime a unha das tapas de ferro na rúa José de Garabantes, que protexe un oco existente e onde se pode observar unha tubería de cor gris e unhas pezas azuis que parecen a conexión coa tubería vella.

Dito isto, cómpre lembrar que como todos sabemos, este concello debe acometer, de xeito urxente, unha serie de obras de saneamento e abastecemento para poder garantir a ausencia de sancións de vertidos, a calidade dos depósitos de auga, etc. polo tanto, non estamos en condicións de gastar ou malgastar os cartos de todos os monfortinos e monfortinas.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Equipo de Goberno a que nos informe se esta obra ten sido entregada, certificada e recibida por parte do Concello.
2. Instar ao Equipo de Goberno a que lle esixa á empresa adxudicataria da obra de RENOVACIÓN DAS CONDUCCIÓN DE AUGA POTABLE NAS RÚAS IRMÁNS DAPENA, CORREDOIRA E JOSÉ DE GARABANTES o remate e acabado da mesma en óptimas condicións, subsanando as numerosas deficiencias que se observan, mesmo se para iso ten que levar a cabo o levantamento das baldosas ou todo aquilo que sexa preciso.
3. Instar ao equipo de goberno a buscar no futuro opcións alternativas ao rebaixe sistemático das beirarrúas nos accesos dos vados que reducen o espazo de uso peatonal e as fan inseguras para o tránsito de persoas maiores, cadeiras de rodas, etc., evitando o emprego de materiais que dificultan ese tránsito, como acontece na obra da que se está a falar.
4. Instar ao equipo de goberno a facer no futuro, o mais rendibles posibles, as actuacións nas vías de uso público, de maneira que cando sexa necesario abrir zanzas, ao londo de toda a rúa como aconteceu neste caso, se aproveite a obra

para outras actuacións de substitución ou modernización de conducións necesarias, que eviten costes e molestias no futuro.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que pro suposto que estamos a favor. Na páxina 26 da Xunta de Goberno Local do 21 de marzo están as certificacións 1 e 2 da obra. As facturas están asinadas polo servizo e as certificacións conformadas. Non sei a que se están referindo esas certificacións dentro da obra. Cústame entender que se dese por boa a colocación das baldosas. Non poña como desculpa a prensa, era a radio, as súas palabras (do Alcalde), escoiteille dicir con moito entusiasmo que era o mellor gastado. Votamos a favor deste crédito, pero as cousas mírase se están ben ou mal feitas, non o tempoo no que se fixeron, máis con cartos públicos. Ese entusiasmo pódese converter no seu peor investimento. Pasando polas beirarrúas, o entusiasmo sobra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que apoian esta moción. Cremos que efectivamente isto débese corrixir. Temos unha emenda de adición. Le os puntos da emenda (son os que figuran como 3 e 4 do que resultou aprobado). Sobre o punto 4, di que moitas veces un encarecemento inapreciable evita as molestias de volver abrir as zanxas.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que pode entender as apreciacións estéticas, pero de aí a dicir que a obra é electoral. Aquí solucionouse un problema case terceiromundista. O demérito é por facelo todo, é o que pasa aquí. As charcas non puideron aparecer porque xa estaban. Charcos hai noutros sitios, que lle parece que eu xulgase ao seu goberno polos charcos? É a estética fronte ao problema da magnitude do aquí solucionado. O punto 1 ten forma de pregunta. O punto 2 ten magnificencia para ocultar o abandono de cando gobernaban. Faremos o que diga o director da obra. O voto vai ser desfavorable tanto polo ton como polo contido. Quérese empañar a solución dun problema desta magnitude.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se alegran da obra. Abstivémonos cando o crédito xenerado por remanentes do anterior goberno. Que os charcos xa existían, non pode dicilo se fose por alí. O Sr. Cela comentou na Comisión que houbo elevación. Cingirse ao técnico? A dirección de obra tamén terá que responder. Ao día seguinte de presentar a moción, cambiaron a carga e descarga. Din que está rematada e que se está rematando, unha cousa ou a outra. Hai tubaxes que son PVC e na memoria do proxecto era poliuriteno, iso só no entroncamento das vivendas.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a necesidade de facelo dixérono dende o primeiro momento. Que levaba moito tempo pendente é unha evidencia. Pero iso non quere dicir facelo mal. É diñeiro público. Deste tema por desgraza imos ter que volver falar. Espero que non haxa satisfacción nese caso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que todos coincidimos en facer a obra. Que quede rematada nas mellores condicións. O punto 1 podía ser pregunta, pero é posible informalo. Se aceptan a nosa emenda, ben, pero apoio en todo caso.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que lles molesta a solución do problema. Non ten sentido descalificar unha obra tan boa para os veciños. Unha obra recibida case sempre ten remates, como a da Compañía ou a do Porto Seco. Nas prazas de minusválidos o repintado é o final, claro. Rexéitase unha obra por incumprir o contrato, non por cuestión estéticas. O informe técnico é necesario para dicir que non se cumpre o contrato. Os reparos estéticos non poden levar a ir contra a obra. Vostede recoñécese lega na materia, as deficiencias non se preocupe que serán resoltas. Non vale opinar, hai que aportar un informe técnico e obxectivo. Falou co director da obra?

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tamén o requirimento a Aqualia tróuxoo o BNG. O que molesta é que o traía o BNG. Non é só cuestión estética. Tamén está o interior da obra, as tubaxes con capa de area. Heille ensinar os pedrullas nos que se puxeron. A obra vai custar o mesmo, se faga ben ou mal, quede esteticamente ben ou mal. Vostede aceptaría estas beirarrúas na súa casa? Esta casa temos que defendela como se fose a nosa propia. Hai fotografías nas que é penoso ver o corte das baldosas. E por que distintas cores? Si estou defendendo os intereses de Monforte, como na moción de Aqualia. Respecto á emenda, no punto 3 non hai inconveniente, pero coa alternativa de engadir "ou ben nas beirarrúas". O punto 4, ben, pero conscientes que non sempre é todo previsible. Con respecto á veciñanza, a min quéixanse os veciños.

(O Sr. Alcalde di sobre o punto 4 que non é o mesmo abrir unhas zanzas que outras. A portavoz do PP di que as opcións alternativas contemplan tamén as beirarrúas. Vótase o acordo cos dous puntos iniciais da moción e os dous engadidos coa emenda)

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016*

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O 27 de xaneiro de 2015 en Monforte de Lemos adxudicouse o contrato de axuda no fogar ca empresa FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL. En dito contrato figuran as cláusulas que obrigan tanto ao Concello como á empresa. Entre estas destacaríamos:

- CUARTA: que a duración será de un ano, poderá ser prorrogable sen exceder de dous anos.

- SEXTA: obrigas do contratista. Entre outras cousas di:

a) *"O Concello de Monforte poderá controlar, verificar, supervisar e inspeccionar, en calquer momento e por calquera medio, o correcto cumprimento das obrigacións contractuais e adecuada execución das mesmas."*

b) *"A empresa debe dispor dun regulamento de réxime interno no que veñan recollidos os dereitos e as obrigacións dos usuarios e as normas de procedemento para formular queixas, reclamacións e suxestións, de conformidade coa normativa vixente nesta materia. Unha copia do regulamento interno e das normas debe obrar no Concello."*

c) *"A contratista adxudicataria, dará cumprimento durante todo o período de vixencia do contrato a canto lle obrigan as leis en materia laboral, empresarial e sobre seguridade social, recaendo unicamente sobre a contratista e non sobre o Concello de Monforte de Lemos, cantas responsabilidades derívense do incumprimento de tales obrigacións. A tal fin, deberá impartir ao persoal do SAF os cursos de formación que fosen necesarios. O persoal que dependa da empresa adxudicataria non adquirirá vinculación algunha co Concello de Monforte de Lemos."*

d) *"A empresa adxudicataria estará obrigada a pagar a todo o seu persoal, como mínimo as contías previstas no convenio colectivo para actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 16 de febreiro 2010) e a cumprir a totalidade das restantes disposicións alí previstas e nas sucesivas actualizacións."*

e) *"A empresa contratista deberá designar, polo menos, un/unha coordinador/a, técnico/a ou responsable, coa titulación e experiencias necesarias, integrado no seu propio personal, que terá entre outras obrigacións as seguintes:*

- 1. Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal aos postos de traballo.*

2. Coordinación coa entidade municipal a efectos de supervisión e control da calidade da prestación."

Polo que respecta ao Regulamento de Réxime Interno do Programa de Axuda a Domicilio do Concello de Monforte, establécense unha serie de protocolos de actuación tanto na substitución da persoa que presta o coidado, como un protocolo de actuación para queixas do usuario ou a familia. No primeiro caso deben avisar con tempo suficiente aos usuarios dos cambios que se vaian a realizar e, en todo caso, é obrigada a visita do técnico coordinador do programa e presentarse no domicilio coa nova auxiliar de axuda no fogar indicándolle as tarefas a realizar.

No **Artigo 11** establécese o réxime de visitas aos domicilios polo técnico que coordina o servizo, onde di que o equipo de coordinación de FEPAS acudirá ao domicilio dos usuarios nos seguintes supostos:

1. Na alta do servizo.
2. Presentación da auxiliar.
3. Visitas de seguimento bimestrais.
4. Previa solicitude do Concello, cando así o estimen os técnicos.
5. Cando ocorra calquera incidencia que o requira.

Tal e como refire o **Artigo 12** do presente Regulamento, FEPAS, ten a disposición das persoas usuarias un libro de reclamacións. O persoal coordinador poñerase en contacto cos usuarios nun prazo de 24 horas, visitando o domicilio do usuario, e dando contestación.

O **Artigo 13** di que tamén se farán chegar os informes de seguimento de cada caso cunha periodicidade mínima de dous meses e sempre que se produza algunha incidencia. Ditos informes serán entregados ao traballador social municipal nas reunións mensuais celebradas entre a entidade e o Concello.

O **Artigo 15** fala do protocolo de actuación en caso de urxencias. Dicir como curiosidade que a fin de semana non están localizables.

No que fai referencia aos servizos complementarios de axuda no fogar, poderá incorporar actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento dos hábitos saudables e tamén unhas prestacións específicas complementarias, tales coma a fisioterapia, podoloxía, perruquería, apoio/atención a coidadores.

espertamonforte! ten recibido queixas tanto de usuarios como de traballadores deste servizo no cumprimento deste regulamento, en relación ás cláusulas anteriormente

citadas, así como queixas relacionadas coa falta de información, desapego co usuario e a familia, falta de supervisión da situación de usuarios e familias, etc.

Polo que, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao equipo de goberno á esixir o cumprimento do contrato en vigor en todas as súas cláusulas, facendo a labor de verificación, inspección e supervisión das obrigacións contractuais.
2. Instar ao equipo de goberno a que, co tempo pertinente antes da finalización do contrato (27 de xaneiro de 2017), faga un estudo de viabilidade e sostenibilidade para a remunicipalización dos servizos de axuda no fogar, e a posibilidade da creación de empresas municipais e xestión de persoal para a prestación destes servizos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que unha vez máis vén que se dea cumprimento a un contrato. Le o inicio da moción. Di as cláusulas que aí figuran. Houbo problemas co convenio coas traballadoras, agora ao parecer solucionado. Non están para facer limpeza xerais, o supervisor debe velar para que non suceda. Le os puntos a acordar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di estar de acordo co punto 1, o cumprimento do contrato. No punto 2, non temos obxección ao estudo, cousa distinta sería o de crear as empresas. Cando a propoñente o aclare, diremos sobre o punto 2.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di respecto ao 1º punto que descoñece que se estea producindo; se é así, de acordo. Cando era eu responsable do servizo, había dificultades polo número –máis de trescentos- de usuarios. Pero hai que cumprir o contrato e punto. O do estudo de viabilidade do punto 2, coincide en non estar en contra do estudo. Os Concellos máis ou menos da nosa entidade non teñen o servizo ao cen por cen municipal. Algún máis pequeno, si, pero pouquiños. É inviable, segundo a estruturación do Concello ao día de hoxe. Pero para o estudo, non hai inconveniente. A favor.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que o servizo de axuda do fogar vén do ano 2005, co anterior equipo de goberno. Estiveron varias empresas, agora está FEPAS. Estamos na prórroga do contrato ata xaneiro de 2017. En xuño de 2015, xa estaba en vigor o contrato. A nós correspóndenos vixilar que

se cumpra. O prezo máis vantaxoso motivou a adxudicación actual. O primeiro contrato que miramos foi este, en contacto coa Coordinadora de Servizos Sociais para saber sobre el: a Técnica sempre informou que FEPAS é das mellores que pasaron polo Concello. Tamén falei coa xerente da empresa, a colaboración é fluída. Como Conselleira de Servizos Sociais e Discapacidade, non recibín –nin tampouco o Alcalde– en ningún momento queixa de ningún usuario. Pedinlle informe á Coordinadora e téñoa aquí. Le o informe, que se refire á coordinación co Concello, á supervisión deste; a que dende o inicio da prestación, FEPAS tivo unha coordinación efectiva e un seguimento continuado do desenvolvemento do servizo e do cumprimento das obrigas contractuais. No último ano, FEPAS desenvolve de forma axeitada o previsto no contrato. Hai unha reunión de coordinación do Concello e da empresa tódolos meses, onde a empresa informa e acórdanse actuacións. A coordinación da empresa coas traballadoras sociais de referencia é unha vez ao mes e cando sexa preciso.

De Dna. Maribel García Díaz, que agradece ao PP e ao BNG que estean a favor. Isto non é un invento. Non me gusta xogar coas persoas necesitadas. Esa coordinadora da empresa adxudicataria non pasa para nada onde os grandes dependentes, utiliza á auxiliar, iso non é o que di o contrato, que a coordinadora debe pasar polos domicilios. A auxiliar non é para limpeza xeral. Non dubido do informado pola coordinadora e a técnica do Concello, pero non o sacan do lugar adecuado, da vivenda dos usuarios. Ganaron o concurso por esas condicións, á parte do diñeiro, e o contrato hai que cumprilo. Pódese facer algunha rotación. Esquecín a pregunta da portavoz do PP.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle lembra á anterior interveniente que é sobre a redacción do punto 2 do acordo. Se só é estudo de viabilidade, porque crear empresas non o vemos, pero se só é estudo, ningunha obxección. Se xa se prantexa crear a empresa, posiblemente nos absteríamos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que xa anunciaron o voto a favor. Interpretamos o punto 2 como estudo de viabilidade. Repito descoñecer se se está incumprindo o contrato. Á Concelleira que intervéñ polo Grupo de goberno, dille que a ela trasladáronlle un caso concreto que xurdiu en setembro co curso escolar, xa llo pasará en privado para non dar nomes en público. A privatización foi efectivamente en 2005. A favor da moción.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, que di que eles non tiveron queixa, non di con iso que non as haxa. Ante a denuncia dunha usuaria nun medio de comunicación, interesámonos: a traballadora social e a empresa non o comparten. O contrato estase a cumprir, dio o informe da Coordinadora de Servizos Sociais. As queixas están relacionadas con cambios das traballadoras en vacacións ou por baixas, é difícil para unha persoa maior adaptarse á substituta. Queixas hai tamén polos horarios e por traballos adicionais que se piden. Son 260 usuarios. A Esperta Monforte e ao BNG

dilles que os informes os soliciten polos medios regulamentarios e non directamente aos traballadores.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao PP que se refire a un estudo claramente. Sobre o último aspecto da anterior intervención, di que non foi así. O punto 2 vén pola miña asistencia a unha xornada o sábado pasado. Unha das mesas redondas foi sobre a remunicipalización con dúas persoas relatoras altamente cualificadas, que dixeron como estudar a situación antes de facelo. Hai estudos que o dan como economicamente sostible, diso se trata. Como me pareceu moi interesante e me estrañou moito que non houbo ninguén do Concello, simplemente preguntei á Coordinadora se tiña coñecemento da xornada. Díxome que por problemas persoais non puido ir.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 28.03.2016 a 18.04.2016.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 28 de marzo e o 18 de abril de 2016.

16. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 18.04.2016) QUE LEVANTA REPARO DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente da Resolución que foi adoptada con reparo e do informe de Intervención que o recolle.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

- **Preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular**, presentadas por escrito con anterioridade ao Pleno.

Primeira pregunta:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.-Es sabido que el pasado sábado día 23 se celebró el Día del Libro.

Es sabido que la elección de esa fecha para tal celebración viene motivada por ser la fecha de defunción de Miguel de Cervantes, máximo exponente de la literatura universal en lengua castellana.

Es sabido que este pasado día 23 de abril, se conmemoraba en toda España y de modo especial, en los países de habla hispana de América, la conmemoración del IV CENTENARIO del fallecimiento de Cervantes.

Es sabido que por toda la geografía nacional e internacional se sucedieron en tan señalada fecha, celebraciones en pueblos y ciudades, que no guardan otro vínculo con Cervantes y su obra que el de ser el autor más importante en lengua castellana, y otras que aprovechan cualquier conexión, por pequeña que sea, para calificarse como "cervantina" y sumarse esta importante conmemoración.

Es conocido el vínculo especial que unió a Miguel de Cervantes y su obra con el VII Conde de Lemas, y por tanto con nuestra ciudad.

Es sabido que en el día de la conmemoración del IV Centenario de la muerte de Miguel de Cervantes, este Ayuntamiento no organizó un solo acto que recordara tan importante hecho, que serviría para promoción y difusión del patrimonio histórico y cultural de nuestra ciudad.

Por eso se le formula al Sr. Alcalde la siguiente PREGUNTA:

¿CUALES SON LAS RAZONES, POR LAS QUE ESTE AYUNTAMIENTO NO ORGANIZÓ ACTO ALGUNO CONMEMORATIVO DEL IV CENTENARIO DEL FALLECIMIENTO DE MIGUEL DE CERVANTES, EL PASADO 23 DE ABRIL?"

Segunda pregunta:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Una de las propuestas de acuerdo debatidas en este pleno, tiene que ver con la modificación de crédito de la partida de 325.772 € que en el presupuesto municipal se destinarían al Convenio del Concello, Xunta, Confederación Hidrográfica y Diputación para llevar a cabo un plan de reducción de vertidos.

La modificación tiene por objeto destinar 143.990 € de esa partida a la obra de la estación depuradora de aguas residuales del área logística Puerto Seco de Monforte.

Al tiempo de presentar el Plan de Reducción de Vertidos, la información que se trasladó, señalaba que el cumplimiento de ese plan evitaría durante el tiempo en que se llevase a cabo, la imposición de sanciones por los vertidos que se pudieran producir.

Esta redución de la cuantía inicialmente presupuestada, afectará sin duda a la ejecución de ese plan.

Por eso se le formula al Sr. Alcalde la siguiente PREGUNTA:

¿COMO VA A AFECTAR LA REDUCCIÓN DE LA PARTIDA PRESUPUESTARIA PREVISTA PARA EL PLAN DE REDUCCIÓN DE VERTIDOS, A SU EJECUCIÓN?

¿COMO VA A AFECTAR ESTA CIRCUNSTANCIA A LA SUSPENSIÓN DE SANCIONES POR VERTIDOS, ANUNCIADA SI EL PLAN NO SE LLEVA A CABO?"

O Sr. Alcalde di que serán contestadas no próximo Pleno.

- **Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte** formula as seguintes preguntas, e tamén un rogo:

- 1) Referente á obra das conducións de auga en determinadas rúas.-
 - Se está certificada a obra. Dende Secretaría recibín tres certificacións de obra.
 - Está o Alcalde en condicións de dicir que a empresa respecta o proxecto?
 - Fixo a dirección facultativa (Abante) algunha suxestión de modificación do proxecto?
 - Retiráronse os materiais da vella conducción?
 - Se o anterior é afirmativo, onde se levou ese material?
- 2) O rogo é sobre o punto informativo que está á entrada do Parque dos Condes, que debe ser do Consorcio da Ribeira Sacra: déalle unha chamadiña ao Consorcio que xa leva unhas tres semanas avariado.

O Sr. Alcalde di que a el dinlle que xa está avisado. Imos aseguralo.

- 3) Pregunta sobre o local para a Asociación "Ruliños Terra de Lemos".
- 4) Fixo algo para entrevistarse cos xerentes sanitarios -da área integrada e de Monforte- para tratar os temas pendentes?

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e dez minutos do seguinte día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde,

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 25.04.2016

